

8 M

DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER

CONSTRUÍNDO E SUMANDO POLA IGUALDADE REAL

UGT e CCOO diante do 8 de marzo de 2020

As confederacións sindicais de **Comisións Obreiras** e a **Unión Xeral de Traballadores**, ante a conmemoración do 8 de marzo, **Día Internacional da Muller**, **MANIFESTAMOS** o noso compromiso de seguir construíndo a igualdade real entre mulleres e homes, a nosa vontade de seguir sumando neste esforzo colectivo e de combater todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres, sendo o noso ámbito prioritario a loita contra todas as discriminacións relacionadas co emprego.

Para **UGT** e **CCOO**, o logro da igualdade efectiva entre mulleres e homes é un obxectivo que se insire nos nosos principios e plásmase nas nosas accións por unha sociedade máis xusta, inclusiva e solidaria.

Despois dunha década regresiva, coa conxunción de crise económica, financeira, políticas de recorte do sistema de benestar, de reformas retrógradas en materia laboral, educativa, cidadá, etc., e de recortes e esquecementos na obrigaón dos gobernos de achegar os recursos para o avance en políticas de igualdade, chegou o momento de avanzar substancialmente en igualdade real e de corrixir os efectos destas políticas regresivas que fixeron aumentar as desigualdades sociais e de xénero.

A igualdade legal recibiu en marzo do ano pasado un pulo a través do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. As medidas contidas nesta norma corresponden a reivindicacións históricas das organizacións sindicais **CCOO** e **UGT**. Entre elas, a equiparación dos permisos para os dous proxenitores por nacemento e coidado de lactante. Introdúcese o rexistro salarial desagregado por sexo no Estatuto dos Traballadores e as auditorías salariais nos plans de igualdade. Esténdese a obrigaón de contar cun plan de igualdade ás empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras. E esperamos contar o máis axiña posible cun desenvolvemento regulamentario que xurda do Diálogo Social.

Despois dun período de inestabilidade governamental, por primeira vez na nosa historia recente hai un Goberno de coalición progresista. **UGT** e **CCOO** esperamos que sexa unha oportunidade para poñer en primeira liña da acción política medidas e recursos humanos e económicos para conseguir que a igualdade legal contida nas normas por fin sexa igualdade real e efectiva. Queremos que este 2020 sirva para avanzar sen posibilidade de retorno cara a unha sociedade xusta, sostible, solidaria e con igualdade de xénero.

CCOO e **UGT** facemos tamén un chamamento especial ao valor democrático da defensa da igualdade ante unhas posicións políticas ultradereitistas caracterizadas polo ataque aos dereitos das mulleres, polo seu antifeminismo e polas súas políticas de eliminación de recursos destinados a loitar contra as violencias machistas e a promover a igualdade.

UGT e **CCOO** vemos con preocupación que, a pesar das multitudinarias manifestacións e mobilizacións das mulleres e do movemento feminista e sindical, plasmadas sobre todo nos últimos 8 M, non se produciron avances significativos.

Persisten os mesmos problemas: máis inactividade, máis paro, máis precariedade laboral, fenda salarial e fenda nas pensións. Ademais, persiste a adscrición das mulleres aos coidados, ao tempo que faltan servizos públicos para a conciliación e a corresponsabilidade, barreira que afasta as mulleres do emprego.



8M pola igualdade real

E, fundamentalmente, persiste a intolerable violencia machista cuxa expresión máis brutal son os asasinatos de mulleres polo feito de ser mulleres, que alcanzan cifras insoportables e que condenamos enerxicamente, pero que non nos deben facer esquecer outras manifestacións como as agresións sexuais, o acoso sexual e o acoso por razón de sexo, que acotío sofren mulleres e nenas, así como todas aquelas outras formas de violencia contra as mulleres en todos os ámbitos, no fogar, na rúa e no traballo. Mostra do noso compromiso e o noso facer no ámbito internacional, en xuño do ano pasado alcanzamos no seo da Organización Internacional do Traballo un acordo tripartito de todas as organizacións sindicais, empresariais e gobernos que formamos parte dela, para avanzar na eliminación de todas as formas de violencia que se produzan no mundo do traballo ou que, mesmo producíndose fóra del, poidan ter relación ou repercusión no emprego, o Convenio 190 da OIT.

Forma parte do noso facer sindical, en confluencia co movemento feminista e con todas as entidades, organizacións e persoas que se comprometen cada día cos dereitos das mulleres e coa loita contra as discriminacións e violencias específicas que aínda lles afectan, obstaculizando o exercicio pleno dos seus dereitos en igualdade de oportunidades e trato.

As confederacións sindicais de **CCOO** e **UGT** interpelamos o Goberno de coalición progresista para que poña en marcha, coa urxencia que require este diagnóstico que mostra as barreiras, discriminacións e violencias que afectan á metade da poboación, medidas para abordar desde o diálogo social, o diálogo parlamentario e o diálogo cos movementos sociais implicados.

Para UGT e CCOO, é prioritario:

- Mediante o diálogo social, impulsar a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, esixir o cumprimento dos plans de igualdade nos termos que determina a lexislación, acometer a plena equiparación das traballadoras do fogar e, en xeral, adoptar medidas de acción positiva dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego e na protección social.
- Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da autoridade laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no ámbito laboral.
- Adoptar medidas para a corresponsabilidade entre mulleres e homes nos cuidados e responsabilidades familiares e fortalecera oferta pública de infraestruturas e servizos relacionados co

coidado (dependencia, maiores, sanidade, servizos sociais) con emprego e recursos públicos accesibles e de calidade.

- Mediante o diálogo social, deseñar unha lei de igualdade salarial que contribúa de forma eficaz a combater a fenda salarial, eliminando a discriminación retributiva entre homes e mulleres.
- Adoptar medidas e políticas dirixidas a lograr a representación paritaria en todos os órganos de representación e decisión, nas distintas estruturas políticas, sociais, académicas, científicas, culturais, económicas e de calquera ámbito da sociedade española.
- Impulsar unha reforma educativa baseada na coeducación que integre a educación na igualdade e no respecto á diversidade, e estender as infraestruturas públicas para a atención e cuidados de calidade, accesibles e adecuados a toda a poboación de 0 a 3 anos.
- Avanzar na eliminación das violencias machistas, garantindo o financiamento necesario e o estricto cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e dos compromisos adquiridos co asinamento do Convenio de Istambul.
- Ratificar o Convenio 189 da OIT sobre traballo digno das traballadoras do fogar e o Convenio 190 da OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo.

Desde **CCOO** e **UGT** reiteramos o noso compromiso con medidas que contribúan a mellorar a vida de traballadoras e traballadores de todo o mundo. Reivindicamos, por iso, políticas migratorias e de refuxio xustas e con perspectiva de xénero, nas que primen os dereitos das persoas migrantes e a igualdade no mercado de traballo.

UGT e CCOO chamamos a traballadoras e traballadores a participaren de forma activa nos distintos actos, mobilizacións e manifestacións que terán lugar o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

8M

Secretaría de Muller,
Igualdade e Migracións



Secretaría de Igualdade,
Xuventude e Movementos Sociais